



Prezados Alcaldes e Alcaldesas,

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, unha asociación de concellos e deputacións de Galicia que reúne actualmente a 103 administracións locais, celebra o vinte e cinco aniversario da súa constitución. Un cuarto de século traballando, desde o poder local, a prol da erradicación da pobreza e iniquidades a nivel global, e tamén contribuíndo á construción dunha cidadanía galega máis consciente das desigualdade e máis solidaria, se cabe.

Ao longo de todos estes anos, é inestimable o apoio e participación do municipalismo galego, así como doutras entidades como o Igadi, a Xunta de Galicia, a FEGAMP e a Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade, principalmente.

Por tanto, é para nós unha honra **convidala/o a participar no acto conmemorativo** do 25 aniversario do Fondo Galego, que terá lugar o **venres 21 de outubro ás 11:00h na Residencia de Tempo Libre de Panxón (Concello de Nigrán)**, ao que serán convidadas representantes do poder local galego, da Xunta de Galicia, do sector galego da cooperación internacional ao desenvolvemento e tamén os outros Fondos de cooperación existentes a nivel estatal.

O Fondo Galego é **patrimonio do municipalismo galego** e non podemos máis que sentir un profundo orgullo.

Pregamos confirmación de asistencia no seguinte número de teléfono: 698144536, ou no seguinte enderezo electrónico: info@fondogalego.gal, á maior brevidade posible.

Agradecemos de antemán a súa atención. Reciba un cordial saúdo,

D. Juan Antonio González Pérez
Alcalde de Nigrán
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade